

Orde pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2025.

A Constitución española de 1978, no seu artigo 40.2, establece como un dos principios reitores da política social e económica a obriga dos poderes públicos de velar pola seguridade e hixiene no traballo, mandato que abrangue todas as administracións públicas, cada unha no ámbito das súas competencias. Asemade, no seu artigo 35 recoñece o dereito ao traballo, o que implica o fomento dunhas condicións laborais dignas e seguras. No seu artigo 149.1.7 atribúelle ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte das comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que de acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, se configura como un órgano técnico-científico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo.

O Issga ten como obxecto a xestión e a coordinación das políticas que nesta materia establezan os poderes públicos de Galicia, coa participación activa no deseño e execución dos interlocutores sociais de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo. Todo isto de xeito coordinado coas autoridades laboral, sanitaria e mineira e outras unidade directivas da Xunta de Galicia.

O artigo 36 dos estatutos do Instituto establece que este desenvolverá as súas actividades consonte o establecido no seu plan anual de actuación, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias e que se deseñan dentro da estratexia galega de seguridade e saúde no traballo aprobada pola Xunta de Galicia no marco do dialogo social.

Neste plan distínguense iniciativas novas que teñen unha duración limitada no tempo, que pode ser anual ou nalgúns casos plurianual, outras que supoñen a continuación de actividades iniciadas en anos anteriores e outras que constitúen



actuacións de carácter permanente do Issga, de acordo coas funcións que ten encomendadas segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos.

O 2025 será o segundo ano completo de execución da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 que co consenso dos axentes sociais configúrase como instrumento a medio prazo das políticas de prevención de riscos laborais e de promoción da saúde no traballo na procura da redución da sinistralidade laboral nun momento de profunda transformación do mundo do traballo. Neste mesmo ano hai que unir tamén a execución do Plan de acción 2025 da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027.

De acordo co anteriormente exposto, vista a proposta do Consello Reitor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia relativa á aprobación do Plan de actuación deste organismo para o ano 2025 logo da súa reunión do día 3 de decembro de 2024, e tras o informe favorable da Consellería de Facenda e Administración Pública

DISPOÑO

Artigo único. Aprobación do Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2025

Apróbase o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2025, de conformidade co disposto no artigo 36.4 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2015) e resólvese dispor a publicación do documento aprobado, que estará accesible para a súa consulta no seguinte enderezo web do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia:

<https://issga.xunta.gal/gl/biblioteca/plan-de-actuacion-2025>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

